



**sectores  
productivos**



## 3.0. panorama xeral

**E**ste capítulo trata de analiza-los trazos básicos dos diferentes sectores productivos da economía galega. Para iso, a análise partirá da consideración da relación existente entre os indicadores do emprego e da produción facilitados pola EPA e pola Contabilidade Trimestral de Galicia.

Posteriormente, consideraranse os datos de traballadores e empresas en alta laboral na Seguridade Social facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, as variables empresariais das empresas consideradas por Ardán, e finalmente, faise referencia ós datos do sector exterior facilitados polo ICEX.

Atendendo ós datos da **Contabilidade Rexional de Galicia** (base 1995) estimado polo IGE, **cadro C.3.1.** (*VEB a prezos básicos 1999-00*), o produto interior bruto a prezos de mercado no ano 2000 acadou os 4.817.965 millóns de pesetas (prezos constantes), un 4,0% máis que

no ano precedente. En termos nominais (prezos correntes), a taxa de crecemento do PIB a prezos de mercado foi do 7,8%.

Tendo en consideración a evolución trimestral, a expansión da economía galega presenta certa desaceleración, xa que a taxa de crecemento descende trimestre a trimestre, pasando dun 4,8% no primeiro trimestre do ano 2000 a un 2,8% no derradeiro trimestre do ano.

A ocupación en Galicia (986,6 miles de persoas), **cadro C.3.2.** (*Poboación ocupada 1999-00: distribución por ramas de actividade*), presentou no ano 2000 un crecemento do 4,8%, cifra que é 8 décimas superior á experimentada polo crecemento económico.

Atendendo á desagregación por ramas de actividade, o sector servicios de mercado é o que xera un maior valor engadido, con 1.986.442 millóns de pesetas (o 41,2% do VEB galego a prezos básicos -prezos constantes-), seguido do

sector industria e dos servizos non de mercado, con 730.060 (o 15,2% do VEB galego) e 615.085 millóns de pesetas (12,8% do VEB galego), respectivamente.

O VEB a prezos básicos (prezos constantes) do sector primario (agricultura, gandería e pesca) experimentou no ano 2000, ó contrario do acontecido no ano 1999, un decrecemento do 1,8% respecto ó ano precedente (en 1999 a taxa de variación interanual foi do 2,6%). Se a análise faise considerando os prezos correntes (termos nominais) este sector presenta entre os dous anos considerados un crecemento do 2,1% (decrece un 1,4% no ano 1999). Esta desaceleración do sector primario agudízase ó longo do ano 2000, xa que o ano parte cunha taxa de crecemento do 0,2% respecto ó mesmo período do ano 1999, e termina cunha taxa de crecemento de -4,8% respecto ó cuarto trimestre do ano anterior.

A ocupación (fonte: EPA) no sector primario experimentou un crecemento do 2,3% (4.000 persoas máis que no ano anterior) acollendo un total de 177,1 miles de traballadores, dos que 141,1 están englobados na agricultura, gandería, caza e silvicultura, e os 36,0 miles de ocupados restante, no subsector pesqueiro.

O sector industrial (sen a rama enerxética) experimentou no ano 2000 un crecemento do seu VEB a prezos básicos (prezos constantes) do 5,5%, cifra 7 décimas superior á acadada no ano precedente. Se a análise faise considerando os prezos correntes (termos nominais) a taxa de crecemento do sector industrial entre os anos 1999 e 2000 foi do 2,4%. Esta expansión do sector industrial presenta síntomas de desaceleración, dado que ó longo do ano 2000 a taxa de crecemento máis elevada corresponde ó primeiro trimestre (10,7%) e a máis baixa corresponde ó cuarto trimestre do ano (2,4%).

O emprego tivo un crecemento do 3,5% (2 puntos inferior á taxa de crecemento do sector industrial), acadando os 170,6 miles de persoas ocupados no ano 2000. As ramas de fabricación de material de transporte e as industrias de pro-

ductos alimenticios, bebidas e tabaco son as máis importantes en canto ó número de traballadores, con 32,8 e 30,2 miles de ocupados, respectivamente.

A rama enerxética presentou no ano 2000 unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 5,5% fronte ó descenso do 2,6% experimentado no ano 1999. Salienta a importante diferenza entre as taxas de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos reais e nominais (prezos correntes), xa que neste último caso a taxa de crecemento do VEB foi do 22,1% (-3,3% no ano precedente).

Ó longo do ano 2000 prodúcese unha aceleración do crecemento do VEB a prezos básicos, que no primeiro trimestre do ano medra a unha taxa de 4,1% (en termos reais) e no cuarto trimestre experimenta a taxa de crecemento máis elevada do ano, cun 6,9%.

O emprego no sector enerxético acadou no ano 2000 un total de 4,9 miles de ocupados, que significou un crecemento do 19,5% (o crecemento da produción en termos reais foi do 5,5%), aínda que en termos absolutos este crecemento foi de 800 empregos.

No ano 2000 o sector da construción experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 6,5% fronte ó 5,5% experimentado no ano anterior. Ó igual que no caso enerxético, salienta a importante diferenza entre as taxas de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos reais e nominais (prezos correntes), xa que neste último caso a taxa de crecemento do VEB foi do 15,2% (9,1% no ano precedente).

Ó longo do ano 2000 prodúcese unha aceleración do crecemento do VEB a prezos básicos, experimentando a súa maior taxa de crecemento no terceiro trimestre do ano, cunha taxa de 8,1% (en termos reais).

O emprego neste sector no ano 2000 rexistra un aumento do número de traballadores do 11,2% (4,7 puntos máis do que o fai a produción

## CADRO 3.0.1.

## Traballadores en alta no rexime xeral da Seguridade Social a 31-12-2000: distribución segundo actividade económica

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
0 Agricultura e pesca	1.265	423	865	1.230	3.783
1 Industrias extractivas, textil e alimentaria	20.138	4.503	6.519	12.593	43.753
2 Industrias do metal, madeira e corcho	20.199	6.699	5.111	24.213	56.222
3 Industrias de fabricación de bens de equipamento	9.916	1.427	2.526	18.650	32.519
4 Construcción e produción e distribución de enerxía	36.013	9.387	9.443	27.378	82.221
5 Comercio e hostalería	57.706	15.407	13.365	48.776	135.254
6 Transporte e comunicación	20.863	4.879	4.778	16.926	47.446
7 Admon. pública, servizos financeiros e tec. Emp.	51.932	13.117	10.834	34.607	110.490
8 Actividades sociais e de servizos prestados á comunidade: Educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	24.001	7.598	8.311	19.936	59.846
9 Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; Servizos Persoais	12.308	2.232	2.276	7.674	24.490
Non consta	63	48	27	68	206
<b>Total</b>	<b>254.404</b>	<b>65.720</b>	<b>64.055</b>	<b>212.051</b>	<b>596.230</b>

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

en termos reais) respecto ó ano anterior (11,7 miles de persoas ocupadas máis), sendo o número total de ocupados de 116,6 miles de persoas.

No ano 2000 o sector servizos experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 3,7% fronte ó 4,9% experimentado no ano anterior. En termos nominais, a taxa de variación interanual do VEB foi do 7,7% fronte ó 8,7% do ano anterior. Atendendo á desagregación entre servizos de mercado e non de mercado, a taxa de crecemento do PIB, en termos reais, no primeiro caso foi do 4,2% respecto ó ano anterior, e no segundo de 2,2%.

Atendendo á evolución trimestral, a taxa de crecemento máis elevada rexístrase no segundo trimestre, cunha taxa de variación do 4,3% respecto ó mesmo período do ano anterior, desacelerándose no terceiro e cuarto trimestre, cando as súas taxas de crecemento son do 4,0% e 2,8%, respectivamente.

A ocupación no sector servizos medrou no ano 2000 un 4,6% respecto ó ano anterior (o VEB a prezos básicos, en termos reais, medra 3 décimas menos) ata chegar ós 517,4 miles de ocupados. Entre as ramas máis importantes, salientan o de comercio por xunto e polo miúdo, con 127,1 miles de traballadores, o de outros servizos (servizos a empresas), con 100,3 miles de persoas.

Atendendo ó número de traballadores en

alta laboral na Seguridade Social no réxime xeral por actividade económica e a súa distribución provincial, o **cadro 3.0.1.** amosa que no ano 2000 o número de traballadores en alta aumentou un 4,1% respecto ó ano anterior para acadalos 596.230 traballadores. Atendendo ós diferentes grupos de actividade, os grupos 5 (comercio e hostalería) e 7 (Administración Pública, servizos financeiros e servizos empresariais) son os que engloban o maior número de traballadores con 135.254 e 110.490 traballadores, respectivamente.

A Coruña acolle ó 42,7% do total de traballadores en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social, en tanto que Pontevedra acolle ó 35,6%. As provincias de Lugo e Ourense acollen o 11% e o 10,7%, respectivamente.

Tal e como reflicte o **cadro C.3.3.** (*Empresas e traballadores, segundo tamaño da empresa, por comunidade e provincia de radicación do seu centro de traballo. Réxime xeral e Réxime especial da minería do carbón*), no ano 2000, segundo os datos da Tesorería General da Seguridade Social, o número de empresas inscritas na Seguridade Social ascendeu a 73.138, 2.419 máis que no ano anterior, sendo o número medio de traballadores por empresa de 8,2 fronte ós 8,1 traballadores por empresa do ano 1999.

O devandito cadro reflicte que o 55,6% das empresas teñen de un a dous traballadores

(40.693 traballadores) e que en 1.349 empresas (1,8%) traballan máis de 50 empregados.

A análise das variables empresariais da economía galega realízase fundamentalmente sobre a información que proporciona o servizo de estudos Ardán, que considera as empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunha empresa importante, polo que as cifras poden presentar algunha limitación no seu alcance–, das que se teñen datos nos dous últimos anos consecutivos e que presentan unha facturación superior ós 40 millóns de pesetas.

Tendo en conta estas limitacións, o conxunto de empresas consideradas nos anos 1999 e 1998 ascendeu a 10.572 empresas, fronte ás 11.109 seleccionadas para os anos 1998 e 1997. Comparado cos datos do Dirce, estas empresas representan o 25,1% do total de empresas mercantís galegas e acollen en torno ó 42% dos traballadores asalariados galegos.

O **cadro C.3.4.** (*Sectores productivos 1999*), que recolle os datos relativos á distribución da actividade segundo os grandes grupos de actividade, reflicte que estas empresas teñen no ano 1999 uns ingresos de explotación de 5.921,9 miles de millóns de pesetas e xeraron un valor engadido bruto de 1.166,8 miles de millóns de pesetas. O seu emprego medio, calculado segundo os datos presentados polas propias empresas, ascendeu a 25 traballadores.

O sector industrial, composto por 2.815 empresas, acolle o 45,7% dos ingresos de explotación e o 41,4% do VEB xerado pola empresas da selección, sedo ademais o sector de actividade co maior emprego medio, con 33 traballadores por empresa.

Esta importancia do sector industrial debe ponderarse tendo en conta os datos da Seguridade Social (CNAE) e os datos da *Encuesta Industrial de Empresas*. Atendendo á primeira fonte, os grupos industriais acollían en 1999 o 16,6% das empresas en alta no réxime xeral (14.282 empresas), fronte ó 28% das empresas consideradas por Ardán.

Respecto ós datos da *Encuesta Industrial de Empresas* (EIE), que recolle unha serie de variables referidas ás empresas nas que a súa actividade principal é considerada industrial (inclúe as actividades de “alimentación, bebidas e tabaco” e as de “madeira e cortiza”, que se analizan dentro das industrias relacionadas co sector primario), os ingresos de explotación das 10.572 empresas consideradas por Ardán representan o 65,6% do valor indicado na EIE, e que os seus gastos de explotación significan o 74,7% do total dos gastos das empresas industriais segundo a EIE. Os gastos de persoal das empresas do Ardán supoñen o 68,2% dos gastos de persoal das empresas industriais da EIE.

Atendendo á distribución xeográfica das empresas galegas consideradas por Ardán, o **cadro C.3.9.** (*Núcleos de localización máis importantes pola súa xeración do VEB 1998-99*) amosa os oito principais núcleos de localización segundo o VEB a custo de factores xerado polas empresas emprazadas nestes municipios. En conxunto, no ano 1999 acollen o 64,42% do VEB total xerado polas empresas galegas estudadas fronte ó 64% do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 72,8% no caso concreto do sector servizos, e do 70,6% no caso da industria. Pola contra, estes oito municipios xeran o 46,5% do VEB polas empresas do sector primario.

Vigo e A Coruña son os dous principais núcleos de localización de Galicia, que xeran un total de 255,6 e 186,6 miles de millóns de pesetas, o que supón o 21,9% e 16% do VEB total xerado polas empresas seleccionadas polo Ardán. Do devandito **cadro C.3.9.** pode deducirse a importancia do sector industrial para os núcleos de Vigo, Arteixo e O Porriño, xa que este sector representa o 57,8%, o 84,1% e o 63,6%, respectivamente, do VEB xerado nos ditos municipios (a media galega é do 41,4%), ou a importancia do sector da construción en Pontevedra, que acolle o 53,8% do seu VEB xerado (en Galicia representa o 19,8%).

A conta de explotación agregada destas 10.572 empresas, **cadro 3.0.2.**, reflicte un aumento do resultado neto do exercicio no ano

## CADRO 3.0.2.

## Evolución da actividade empresarial 1998-99: ingresos, custos e resultados

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	
Ingresos de explotación	5.180.803,22	100	5.921.900,48	100	14,3
Consumo e outros gastos de explotación	4.160.414,53	80,3	4.755.135,38	80,3	14,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	1.020.388,68	19,7	1.166.765,10	19,7	14,3
Gastos de persoal	635.690,73	12,3	719.590,59	12,2	13,2
Resultado económico bruto da explotación	376.276,62	7,3	436.485,25	7,4	16,0
Amortizacións	135.264,07	2,6	151.020,67	2,6	11,6
Resultado económico neto da explotación	241.012,55	4,7	285.464,58	4,8	18,4
Resultado financeiro	-27.952,96	-0,5	-23.933,02	-0,4	14,4
Ingresos financeiros	48.238,00	0,9	48.380,00	0,8	0,3
Gastos financeiros	76.190,96	1,5	72.313,02	1,2	-5,1
Resultado de actividades ordinarias	213.059,59	4,1	261.531,56	4,4	22,8
Resultado de actividades extraordinarias	11.911,50	0,2	20.837,69	0,4	74,9
Resultado antes de impostos	224.971,09	4,3	282.369,25	4,8	25,5
Impostos	69.360,34	1,3	85.518,50	1,4	23,3
Resultado neto do exercicio	155.610,76	3,0	196.850,75	3,3	26,5
Cash-flow	290.874,83	5,6	347.871,43	5,9	19,6

Fonte: Ardán

1999 do 26,5% (un 25,5% no caso do resultado antes de impostos), o que significa un importante crecemento do beneficio destas empresas. O seu peso relativo no total dos ingresos de explotación medra desde o 3% do ano 1998 ata o 3,32% de 1999. O resultado da actividades ordinarias tivo tamén unha evolución positiva ó medrar un 22,8% respecto ó ano anterior, sendo o seu peso relativo do 4,42%.

Este aumento da capacidade de xerar beneficios baseouse en dous factores: por unha banda, no crecemento da facturación das empresas, e por outra, na redución dalgúns dos custos empresariais.

A diferenza do acontecido na análise do período 1997-1998, no período 1998-99 o VEB a custo de factores presenta un medre lixeiramente superior ó experimentado polos ingresos de explotación. A súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación é do 19,7% nos dous anos considerados.

Os gastos financeiros descendieron no ano 1999 un 5,1%, polo que na estrutura de custos das empresas reduciuse a relación carga financeira-ingresos de explotación, que en 1999 equivalen ó 1,22% dos ingresos fronte ó 1,47% do ano anterior.

Respecto ós gastos de persoal, que experimentan un crecemento do 13,2%, presentan unha redución do seu peso relativo na estrutura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 12,27% de 1998 ó 12,15% do ano 1999.

A análise do balance agrupado reflicte, **cadro 3.0.3.**, o equilibrio patrimonial nas empresas galegas seleccionadas. O financiamento permanente (2.247,3 miles de millóns de pesetas) cubre no ano 1999 a totalidade do activo fijo neto (1.802,9 miles de millóns de pesetas) e o 16,6% do circulante neto (2.677,5 miles de millóns de pesetas nese ano). O fondo de rotación ascende a 444.298,3 millóns de pesetas, un 5,2% superior ó existente no ano anterior.

No concernente ás fontes de financiamento, o 50,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 13,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 31,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 18,7%, cun peso relativo do 16,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 4.480,5 miles de millóns de pesetas, un 17,5% superior ó valor de 1998, dos que 1.802,9

*Evolución do investimento e do financiamento na empresa galega 1998-99*

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
<b>Activo total</b>	3.814.213,34	100	4.480.472,59	100	17,5
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.518.237,87	39,8	1.802.939,90	40,2	18,8
Gastos amortizables	20.902,24	0,5	34.378,47	0,8	64,5
Inmovilizado inmaterial	112.852,10	3,0	139.320,25	3,1	23,5
Inmovilizado material	1.073.933,76	28,2	1.213.948,38	27,1	13,0
Outro inmovilizado	306.619,03	8,0	411.129,39	9,2	34,1
Outro activo fixo	3.930,75	0,1	4.163,41	0,1	5,9
<b>Circulante neto</b>	2.295.975,47	60,2	2.677.532,68	59,8	16,6
Existencias	823.459,92	21,6	862.164,25	19,2	4,7
Debedores	1.092.504,69	28,6	1.353.012,16	30,2	23,8
Tesourería	169.994,24	4,5	194.977,67	4,4	14,7
Outro activo circulante	210.016,62	5,5	267.378,61	6,0	27,3
<b>Fontes de financiamento</b>	3.814.213,34	100	4.480.472,59	100	17,5
<b>Financiamento permanente</b>	1.940.492,28	50,9	2.247.238,18	50,2	15,8
Fondos propios	1.252.095,19	32,8	1.423.330,24	31,8	13,7
Recursos alleos l/p	629.829,69	16,5	747.419,20	16,7	18,7
Ingresos distribuídos en varios exercicios	58.567,41	1,5	76.488,74	1,7	30,6
<b>Acreedores a curto prazo</b>	1.873.721,06	49,1	2.233.234,41	49,8	19,2
<b>Fondo de rotación</b>	422.254,41	11,1	444.298,28	9,9	5,2

Fonte: *Ardán*

miles de millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 18,8% superior ó existente o ano anterior). Os 2.677,5 miles de millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 16,6% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, os indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro C.3.6.** (*Empresa galega 1998-99: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*), reflicten unha desaceleración no crecemento dos ingresos, un incremento, respecto ós ingresos, do valor engadido bruto, unha diminución do peso relativo dos gastos de persoal, e unha redución da carga financeira. En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, **cadro C.3.8.** (*Empresa galega 1998-99: rendibilidade e magnitudes asociadas*), aumentan as rendibilidades económica e financeira por mor da evolución positiva das variables das que dependen. Finalmente, decrece o nivel de endebedamento.

Os datos do comercio exterior recollidos nos **cadros 1.3.3.** (*Importacións 2000: distribución sectorial*) e **1.3.4.** (*Exportacións 2000: dis-*

*tribución sectorial*) reflicten unha concentración nos produtos industriais, que acollen o 77,7% do valor total das importacións galegas e o 78,4% das exportacións. Comparado cos datos do ano anterior, prodúcese un aumento da importancia relativa destes produtos, que no ano 1999 representaban o 73,1% e o 74,9%, respectivamente.

O valor total das exportacións dos produtos industriais ascendeu a 1.075.547 millóns de pesetas (un 48,2% máis que no ano anterior) en tanto que as importacións acadaron os 1.141.915 millóns de pesetas (un 45,2% máis), polo que o déficit da balanza comercial industrial foi de 66.368 millóns de pesetas (60.632 millóns de pesetas no ano precedente).

O importe total das exportacións e importacións do subsector enerxético medrou considerablemente no ano 2000, asociado ó crecemento do prezo do combustible. Tal e como se reflicte nos devanditos **cadros 1.3.3.** e **1.3.4.**, o valor total das importacións de produtos enerxéticos aumentou un 104,5% respecto ó ano anterior, en tanto que as exportacións o fan nun 97,3%. O saldo da balanza comercial galega de produtos



enerxéticos presenta no ano 2000 un déficit de 209.963 millóns de pesetas.

No caso das semimanufacturas, salienta o cambio de tendencia experimentado no ano 2000, cando presenta un déficit de 2.387 millóns de pesetas, fronte ó superávit experimentado no ano anterior: 2.819 millóns de pesetas.

No caso das manufacturas, o ano 2000 foi un bo ano para estes produtos, que presentan un superávit de 145.982 millóns de pesetas (4,3 veces máis que en 1999). Isto débese á evolución dos bens de equipamento, que presentan un superávit de 148.587 millóns de pesetas, mentres que o saldo comercial da industria de bens de consumo presenta un déficit de 2.605 millóns de pesetas.

Dentro dos bens de equipamento salienta a importancia relativa das industrias relacionadas co material de transporte, que acollen o 63% do valor total das exportacións da industria galega, e o 43,6% das importacións de produtos industriais. O valor total das exportacións foi de 677.356 millóns de pesetas (un 52,5% máis que no ano anterior) e o das importacións de 497.413 millóns de pesetas (43,3% superior ó de 1999), polo que o seu saldo comercial é de 179.943 millóns de pesetas. ■

